

PARTICIPACIÓN NOS TRIBUNAIS DE OPOSICIÓN 2021

A participación nos órganos de selección ten carácter obrigatorio, de conformidade co disposto no artigo 8.3 do Real decreto 276/2007.

¿PODO RENUNCIAR Ó TRIBUNAL?

O presidente do tribunal pode conceder a suplencia se:

- **Actuaches nun tribunal** de oposicións dende o 2016 en adiante, 2016 incluído.
- Es **director/a** dun centro.
- Tes **permiso sindical** a tempo total.
- Tes unha redución de xornada con anterioridade **ao 1 de maio de 2021** e que continúe durante o período de oposición.
- Estás gozando do permiso de nacemento da nai biolóxica, ou por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla.
- Estás en situación de incapacidade temporal regulamentariamente concedida.

ABSTENCIÓNS

Os membros dos tribunais absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

- a) Ter interese persoal no asunto do que se trate ou noutro en cuxa resolución puidera influír naquel. Ser administrador da sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados/as, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado/a con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, e o artigo 59.2 da Lei 2/2015. de emprego público de Galicia, deberán absterse de actuar aqueles membros que realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes aos procedementos selectivos para calquera corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores a esta publicación.

RECUSACIÓNS

- Nos casos previstos da abstención, poderá promoverse recusación polos interesados en calquera momento da tramitación do procedemento.
- A recusación exporase por escrito no que se expresará a causa ou causas en que se funda.
- No día seguinte o recusado manifestará ao seu inmediato superior se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, se o superior aprecia a concorrencia da causa de recusación, acordará a súa substitución acto seguido.
- Se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de tres días, previos os informes e comprobacións que considere oportunos.
- Contra as resolucións adoptadas nesta materia non caberá recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpoñer o recurso.

Calquera solicitude de suplencia, abstención, exención ou recusación debe presentarse ante o presidente do tribunal.

Referencias legislativas:

RD 276/2007, 23 de febreiro, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-4372> (Art. 8)

Lei 40/2015, 1 de outubro <https://www.boe.es/eli/es/l/2015/10/01/40/con> (Art. 23 e 24)

ESTAMOS A TÚA DISPOSICIÓN EN:

A CORUÑA ense15@csif.es Rúa Bugallal Marchesi nº 5 Entrechán Derch 15008 981 134113 / Fax: 981060324	SANTIAGO ense77@csif.es Rúa do Valiño nº 65 Baixo 15707 981 560951 / Fax: 981575140	LUGO ense27@csif.es Rúa Conde nº 2 Baixo Posterior 27003 982 250169 / Fax: 982 245521	OURENSE ense32@csif.es Rúa Progreso nº 145 Entrechán 32003 988 241111 / 722 177517	PONTEVEDRA ensino36@csif.es Rúa Marqués de Riestra nº 18 Entrechán 36001 986 896900 / Fax: 986 896901
--	---	---	--	--